



## PROPOSTA PARA A INCORPORACIÓN DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS Á ESTRATEXIA DE VISUALIZACIÓN DA LACTANCIA MATERNA MEDIANTE A DECLARACIÓN DO BARCO CIDADE AMIGA DA LACTANCIA MATERNA.

Dacordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, os Grupos Municipais do BNG, PP e PSdeG-PSOE do Concello do Barco de Valdeorras desexan someter á consideración do Pleno a seguinte proposta:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 22 de novembro de 2016, o Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas (ONU) emitiu un comunicado en Xenebra no que recoñece a lactación materna como un derecho humano para bebés e nais que debe de ser fomentado e protexido. "A protección, promoción e apoio da lactación é unha prioridade da saúde pública en toda Europa. Os baixos índices e o abandono precoz da lactación conleva importantes implicacións adversas sociais e sanitarias para as mulleres, os nenos, a comunidade e o medio ambiente, resultando un gasto maior en disposición de coidados de saúde nacional e un aumento das desigualdades en saúde. A Estratexia Mundial para a Alimentación do Lactante e do Nenoo Pequeño, adoptada por todos os estados membros da OMS na 55 Asemblea Mundial da Saúde en maio de 2002 proporciona unha base para as iniciativas de saúde que protexan, promovan e apoién a lactación: **"Protección, promoción e apoio á lactación en Europa"**

O obxectivo da declaración do Barco como cidade amiga da lactación materna é trenzar lazos entre as entidades públicas, comercios e asociacións, para visibilizar a lactación materna nos espazos públicos e fomentar esta práctica, xerando contornas más amables cara ás nais lactantes porque os nenos e as nenas ten dereito a ser aleitados cando o necesitan. Esta visualización é necesaria, xa que a lactación é algo instintivo nos bebés, pero para as nais é algo que se re-aprende, necesitan ver a outras mulleres aleitar e facelo de forma natural e sen coaccións.

As mulleres teñen dereito a elixir como alimentar aos seus bebés e as que elixen a lactación materna, teñen que ser apoiadas na súa decisión, e protexidas no seu desempeño. Debe ser posible e fácil para todas as nais. Non é unha actividade privativa do espazo doméstico, nin tampouco ha de darse exclusivamente en salas de lactación. Non hai por que esconderse para lactar, polo que se require que reciba o apoio social e institucional necesario e que se merece.

Aínda que a garantía de que o coidado é un pilar do estado de benestar, e que as políticas públicas que o sustentan son unha responsabilidade do Estado, é importante garantir servizos públicos accesibles e de proximidade, poñendo o foco no ámbito local como principal actor corresponsable.

Ao poñer o foco no ámbito local, pódense promover solucións personalizadas e adaptadas ás necesidades de cada comunidade, involucrando ás persoas e ás organizacións locais na

planificación e execución de políticas de coidado efectivas e sostibles. Desta forma, pódese garantir que o coidado sexa unha realidade accesible e de calidade para todas as persoas, e contribúese á construción dunha sociedade máis xusta e solidaria.

O obxectivo final da proposta de Declaración do **Barco CIDADE AMIGA DA LACTACIÓN MATERNA** é promocionar e protexer a lactación materna, brindando apoio ás mulleres que desexan aleitar.

Para lograr este obxectivo, é necesario traballar en varias áreas, como a educación sobre os beneficios da lactación materna, a eliminación de barreiras e estigmas sociais, e a implementación de políticas e medidas que apoien ás mulleres no seu proceso de lactación. Débense implementar medidas de promoción da lactación materna como fonte de saúde para a infancia, xa que isto ten repercusións positivas ata a idade adulta, e como fonte de saúde para a muller, xa que existen estudos que demostran que isto reduce o risco de cancro de mama en 20.000 mulleres ao ano.

Estas actividades permitirán difundir información clara e precisa sobre a lactación materna e os seus beneficios, ademais de crear un espazo de encontro e apoio para as nais lactantes e futuras nais.

Por todo o exposto, os Grupos Municipais do BNG, PP e PSdeG-PSOE elevan ao Pleno do Concello de O Barco de Valdeorras as seguintes

## **PROPOSTAS**

**1. Considerar á asociación De Nai a Nai un aliado estratégico para a promoción da lactación materna**, xa que conta con experiencia e coñecementos específicos no tema, e ten unha implantación importante na comunidade local, sensibilizando e educando á poboación sobre os beneficios da lactación materna para a saúde do neno e da nai, a través do asociacionismo que realiza, promovendo o recoñecemento e visibilización da maternidade como un Ben Social e o recoñecemento da lactación materna como Ben de Saúde Pública.

**2. Apoiar á asociación De Nai a Nai a fomentar a creación de espazos adecuados para a lactación en lugares públicos, no ámbito laboral e en institucións de saúde.** Desenvolvendo o proxecto **REDE DE ESPAZOS AMIGOS DA LACTACIÓN MATERNA**, co obxectivo de trenzar lazos entre entidades públicas, comercios, asociacións e centros laborais.

**3. Apoiar á asociación De Nai a Nai na promoción e propostas de políticas de flexibilidade laboral que permitan ás mulleres tomarse o tempo necesario para aleitar aos seus fillos.** Promover que as políticas laborais contemplan as necesidades das nais lactantes como parte do seu dereito á conciliación da vida laboral e familiar.


**4. O Concello dará apoio loxístico á asociación De Nai a Nai**, como rede de apoio entre nais lactantes, para que poidan acudir e compartir información e experiencias, e para que poidan apoiarse mutuamente na tarefa da lactación e na consecución dos obxectivos que a asociación promove.

**5. O Concello colaborará coa Asociación De Nai a Nai na capacitación do persoal de saúde e doutros profesionais na promoción e apoio da lactación materna e na visibilización e normalización do duelo perinatal.**

**6. Solicitar ao SERGAS que se regularice a Comision Técnica de Lactación Materna da área sanitaria co fin de preservar a calidade das medidas que se adopten e poder permitir que os protocolos baseados nas guías de práctica clínica sobre lactación materna estén actualizados .**

**7. Declarar ao Barco CIDADE AMIGA DA LACTACIÓN MATERNA.**

En O Barco a 25 de marzo 2024.



Manuel Agra Villar  
BNG



Maite Estévez Santalla  
PP



Aurentino Alonso Araujo  
PSdeG-PSOE

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DO BARCO**